

# DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

#### **XUNTA DE GALICIA**

#### Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial de Lugo

Resolución do 4 de febreiro de 2010 do Departamento Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica do Concello de Meira. (Expediente IN407A 2009/ 163-2-7420-AT).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: BEGASA.
- Domicilio social: R/. CIDADE DE VIVEIRO, 4-1 $^{\circ}$ , 27002, LUGO.
  - Denominación: LMTS A CT CACHAFEIRO.
  - Situación: CONCELLO DE MEIRA.
  - Características técnicas:
- LMTS baixo tubo a 20 kv con orixe no apoio A66707 da LMT Meira, no cal se realiza un paso aéreo a soterrado e final no CT Cachafeiro, en conductor tipo RHZ-150 cunha lonxitude total de 530 metros.
- CS prefabricado tipo PF-15 de manobra exterior, no cal se instalan dúas celdas de liña e unha de protección con fusibles.
- Reforma do CT Cachafeiro 854, consistente no acondicionamento do edificio, pozo de recollida de aceite, pintado de paredes, proxéctase tamén a conversión soterrada a aérea na parede do interior do centro, circuito de alumeado, protección e emergencia e circuito interior de terras.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 4 de febreiro de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 01004

### Excma. Deputación Provincial

# CONVOCATORIA CURSOS PLAN INTERADMINISTRATIVO

# INAP-DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ANO 2010

Asinándose o 18 de xaneiro de 1997 o convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Administracións Públicas e a Deputación Provincial de Lugo para a realización en Lugo de accións formativas para o persoal ó servicio das Corporacións Locais. Asinándose, asemade, o 21 de marzo de 1997 o Convenio de Colaboración en materia de formación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Lugo, e á vista da resolución de 18 de febreiro de 2010 do INAP, pola que se convocan cursos incluidos no plan de Formación en Administración Local para o ano 2010 en execución descentralizada (BOE núm. 53 de 2 de marzo de 2010), esta Presidencia en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/99 de 21 de abril,

#### RESOLVE:

- 1º.- Ordena-la publicación no Boletín Oficial da Provincia da Resolución do INAP de 18 de febreiro de 2010 no referido á convocatoria dos cursos:
- FUNCIÓNS PÚBLICAS E RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.
  - CONTRATACIÓN NO ÁMBITO LOCAL.
  - ASPECTOS PRÁCTICOS DA CONTRATACIÓN.
- 2º.- Autorizar ó Servizo de Formación a realiza-los trámites necesarios para desenvolve-lo acordo ao que se chegou co Centro de Estudios Locais e Territoriais do Instituto Nacional de Administración Pública.

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no ANEXO desta convocatoria. Os citados cursos desenvolverase de acordo coas seguintes bases:

1. Solicitudes.- Os interesados en asistir ós cursos deberán solicitalo a través da inscrición telemática que se encontra na páxina web do INAP http://www.inap.es

O envío da solicitude telemática debidamente cumprimentada supón a aceptación expresa das bases, normas e procedementos que rexen cada un dos cursos.

- 2. Requisitos dos participantes.- Poderán solicitar a asistencia a estes cursos o persoal ó servizo das Corporacións Locais que cumpran os requisitos esixidos no apartado de destinatarios de cada un dos cursos.
- 3. Prazo de presentación de solicitudes.- O prazo de presentación de solicitudes rematará vintecinco días naturais antes do comezo das accións formativas.
- 4. Selección.- O Centro de Estudos Locais e Territoriais seleccionará, entre as solicitudes que cumpran os requisitos, os asistentes atendendo ao perfil dos candidatos en relación cos obxectivos do curso, e a proposta das entidades colaboradoras.

Dacordo coas previsións do plano de igualdade de xénero na Administración Xeral do Estado, nos cursos de formación de directivos, reservarase ao menos un 40% das prazas a mulleres, que reúnan os requisitos establecidos.

O Real Decreto 2.271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, aproba a aplicación de distintas medidas que teñen por obxecto favorecer a integración das persoas con discapacidade, mediante a facilidade de acceso á formación destas persoas. Por este motivo, na selección de participantes aos cursos formativos, facilitaráse a participación a quenes se atopen afectados por unha discapacidade cuxo grao de minusvalía sexa igual ou superior ó 33%.

- 5. Información adicional.- Poderase solicitar información adicional chamando aos números de teléfono 982 260 065 e 982 260 035, do Servizo de Formación da Deputación de Lugo.
- 6. Réxime de asistencia.- Os/as alumnos/as haberán de asistir con regularidade ao curso. Unha inasistencia superior ao 10 por 100 no cómputo total de horas lectivas programadas imposibilitará a expedición da certificación establecida no Anexo e dará lugar á baixa no curso, con perda de todos os dereitos.
- 7. Valoración dos cursos.- Para os efectos previstos no artigo 1, apartado D), da Orde de 10 de agosto de 1994, pola que se dictan normas sobre concursos de provisión de postos reservados a funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co establecido na Resolución do Instituto Nacional de Administración Pública de 26 de outubro de 1994 (Boletín Oficial do Estado de 8 de novembro), a valoración é a sinalada no Anexo para cada curso.

#### **ANEXO**

CURSO: FUNCIÓNS PÚBLICAS E RESPONSABI-LIDADE PATRIMONIAL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚ-BLICAS.

Identificación do curso: FL10-2004

Datas realización: do 26 ao 29 de abril de 2010

Obxectivos: Exame das causas da posible crise do sistema dende a perspectiva das principais funcións e ámbitos de intervención da Administración Local.

Destinatarios: Persoal ao servizo da Administración Local que ocupe postos de responsabilidade relacionados cos obxectivos do curso.

#### Programa:

- Introdución. Réxime Xurídico, análise dos períodos 1963-1978, 1978 a 1992, 1992 ao momento actual. Xurisdición competente, exame histórico e perspectiva actual. Órganos xurisdicionais e procedementos xudiciais aplicables.
- Responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas no marco da prestación dos servizos públicos, funcionamento da vialidade, acceso ao emprego público e en relación coa provisión de postos de traballo. Exame doutrinal e xurisprudencial do dano indemnizable, nexo causal, intervención de terceiro, prazo de actuación.
- Responsabilidade patrimonial da Administración Local no marco da intervención urbanística. Plan, xestión e especialmente en materia de disciplina urbanística, revogación de licenzas. Exame doutrinal e xurisprudencial do dano indemnizable, nexo causal, prazo, casuística.
- Responsabilidade patrimonial da Administración pública durante a execución dos contratos. Especialmente en materia de obras públicas, xestión de servizos públicos e en a execución dos contratos de servizos e de consultoría e asistencia. A figura do contratista e do concesionario, solución prevista na Lei de Contratos das Administracións Públicas, procedemento aplicable e xurisdición competente.

Certificación: Outorgarase certificado de asistencia.

Número de prazas: 30. Valoración: 0,25 puntos. Duración: 26 horas lectivas.

Horario: Mañá e tarde.

Lugar impartición: Aulas de Formación Deputación Lugo. Rúa San Marcos, 8. Lugo.

CURSO: CONTRATACIÓN NO ÁMBITO LOCAL

Identificación do curso: FL10-2002

Data de realización: do 14 ao 18 de xuño de 2010

Obxectivos: Perfeccionar e actualizar os coñecementos dos participantes no procedemento de xestión da contratación administrativa local. Especial análise da nova Lei de Contratos.

Destinatarios: Persoal ao servizo da Administración Local que desempeñe postos de traballo de xestión administrativa no ámbito da contratación.

#### Programa:

- Marco xurídico. Parte xeral da LCSP
- Contrato de subministración. A colaboración entre o sector público e o privado, contrato de servizos.
- Contrato de xestión de servizos públicos. Contrato de concesión de obra pública.
  - Contrato de obra.
  - Os contratos administrativos especiais.
- Aplicación da LCSP aos entes locais. As modificacións introducidas na LCSP.

Certificación: Outorgarase certificado de asistencia.

Número de prazas: 30. Valoración: 0,25 puntos. Duración: 30 horas lectivas.

Horario: Mañá e tarde.

Lugar impartición: Aulas de Formación Deputación Lugo. Rúa San Marcos, 8. Lugo.

# CURSO: ASPECTOS PRÁCTICOS DA CONTRATACIÓN

Identificación do curso: FL10-2001

Data de realización: Do 27 ao 30 de setembro de 2010

Obxectivos: Análise dos aspectos prácticos dos contratos, os seus efectos e fiscalización local.

Destinatarios: Persoal ao servizo da Administración Local que desempeñe postos de traballo de xestión administrativa no ámbito da contratación.

#### Programa:

- Aspectos prácticos da preparación dos contratos.
- Aspectos prácticos da selección do contratista e adxudicación dos contratos.
- Aspectos prácticos dos efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.
  - Aspectos prácticos da fiscalización da contratación.

Certificación: Outorgarase certificado de asistencia.

Número de prazas: 30. Valoración: 0,20 puntos. Duración: 26 horas lectivas.

Horario: Mañá e tarde.

Lugar impartición: Aulas de Formación Deputación Lugo. Rúa San Marcos, 8. Lugo

Lugo, 2 de marzo de 2010.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro. O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

R. 01095

#### **AYUNTAMIENTOS**

#### **BALEIRA**

#### Anuncio

Finalizado sen reclamacións o período de exposición pública do Regulamento de Parellas de Feito, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, polo que se procede á publicación do texto íntegro do mesmo, entrando en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP.

Baleira, 24 de febreiro de 2010.- O ALCALDE, Francisco Acal Eiros.

REGULAMENTO DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE BALEIRA.

Artigo 1.- Obxecto e réxime xurídico.

Constitúese no Concello de Baleira o rexistro municipal de unións de feito, co obxecto de crear un rexistro administrativo de parellas de feito que se rexerá polo disposto no presente Regulamento e as disposicións legais vixentes.

Artigo 2.- Ámbito.

No rexistro municipal de parellas de feito de Baleira poderán inscribirse todas aquelas parellas que constitúan unha unión de convivencia non matrimonial, pero con análoga relación de afectividade, con independencia da súa orientación sexual e baixo o seu libre e pleno consentimento.

Estas parellas manifestarán a súa vontade de inscribirse neste rexistro e os membros da mesma terán a súa residencia habitual e figurarán empadroados no Concello de Baleira.

Artigo 3.- Requisitos das inscripcións.

Para levar a cabo a inscripción no rexistro dunha parella como parella de feito será necesario cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade ou menor emancipado e non estar incapacitado por resolución xudicial.
- b) Non estar ligado por vínculo matrimonial no momento da inscripción.
- c) Non estar inscrito como membro doutra unión non matrimonial non cancelada.
- d) Ter a súa residencia habitual e figurar empadroados no Concello de Baleira nunha mesma unidade de convivencia.
- e) Non ter relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta.
- f) Non ter relación de parentesco colateral por consanguinidade ou adopción ata o terceiro grao.
- g) Non figurar inscrito en ningún outro rexistro municipal de parellas de feito.

A inscripción realizarase previa sinatura da correspondente solicitude, segundo o modelo establecido como anexo I, e deberá ser asinada polos dous membros da parella mediante comparecencia persoal e conxunta diante do funcionario encargado do Rexistro, e na que se efectuará a correspondente declaración responsable dos seguintes extremos:

- a) Existencia da unión de convivencia non matrimonial con indicación do domicilio de empadroamento da mesma.
  - b) Inexistencia de vínculo matrimonial.
- c) Inexistencia de inscripción na que conste como membro doutra unión non matrimonial non cancelada.
- d) Inexistencia de declaración de incapacitación por resolución xudicial.
- e) Inexistencia de relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta.
- f) Inexistencia de relación de parentesco colateral por consanguinidade ou adopción de ata o terceiro grao.
- g) Non figurar inscrito en ningún outro rexistro municipal de parellas de feito.

Á solicitude de inscripción acompañarase a documentación acreditativa do cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Maioría de idade ou acreditación de emancipación segundo o establecido no artigo 314 e seguintes do Código Civil.
- b) No seu caso, declaración xudicial de divorcio ou nulidade matrimonial.
- c) No seu caso, documentación xustificativa da situación de viudedade.
- d) Xustificante de empadroamento dos membros da parella de feito.

Artigo 4.- Declaracións e actos inscribibles.

Serán obxecto de inscripción:

- a) A declaración de constitución das parellas de feito (solicitada mediante o anexo I) e a extinción das mesmas cando concorra algunha das causas do artigo 6.
- b) Os contratos civís reguladores das relacións persoais así como calquer outro feito relevante que afecte realmente á unión inscrita.

Artigo 5.- Efectos.

A inscripción no rexistro de parellas de feito terá efectos meramente declarativos sobre a constitución e extinción así como dos contratos reguladores das relacións persoais e matrimoniais destas unións.

Artigo 6.- Constitución e extinción.

Para os efectos establecidos no presente Regulamento a data de constitución das parellas de feito será a da súa inscripción no rexistro municipal.

Serán causas xustificadas de extinción das unións e cancelación da inscripción as seguintes:

- a) Mutuo acordo.
- b) Vontade unilateral dun dos membros da parella con notificación fehaciente ó outro.

- c) Morte ou declaración de falecemento dalgún dos seus membros.
  - d) Separación de feito de máis de un ano.
  - e) Matrimonio dalgún dos membros.

Artigo 7.- Libro de rexistro.

O rexistro materializarase nun libro - rexistro municipal de parellas de feito que estará formado por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura do Secretario da Corporación, incluíndose en cada un dos asentos os seguintes extremos:

- a) Nome, apelidos e DNI dos membros integrantes
  - b) Domicilio de convivencia.
  - c) Data de constitución da convivencia.
- d) Transcripción en extracto dos contratos civís reguladores das relacións persoais e matrimoniais da parella.
- e) Calquer modificación posterior dos datos previamente inscritos.
  - f) Data e causa de extinción da parella de feito.
- g) calquer outro feito ou circunstancia relevante que afecte á unión non matrimonial.

Artigo 8.- Publicidade.

O libro-rexistro municipal de parellas de feito non ten carácter público. Coa finalidade de garantir a intimidade persoal e familiar dos inscritos como membros de parellas de feito, a publicidade do rexistro quedará limitada, exclusivamente, á expedición de certificacións do mesmo, que serán expedidas previa solicitude de calquera dos membros da unión ou a instancia xudicial.

Artigo 9.- Órgano competente.

O Alcalde-Presidente será o órgano competente para resolver sobre calquer tipo de inscripción que se pretenda efectuar no rexistro, así como para a regulación do acceso, rectificación e cancelación dos datos cando proceda.

As resolucións que se dicten relativas á inscripción, modificación ou extinción, así como as de inscripción de actos complementarios, adoptaranse no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal sen dictarse entenderase desestimada por silencio administrativo.

Artigo 10.- Efectos.

No eido competencial deste Concello, tódalas parellas inscritas no rexistro municipal de parellas de feito, terán a mesma consideración administrativa que as unións matrimoniais, sen obstáculo doutras formas de proba.

Así mesmo, e ós mesmos efectos, recoñecerase a antigüidade das unións inscritas noutros rexistros municipais debidamente acreditadas.

Disposición final.

O presente regulamento entrará en vigor, unha vez aprobado definitivamente, ó día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e unha vez transcorrdio o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

# ANEXO I

# SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN DE PARELLAS DE FEITO

| Don/Dona, conDNIeDon/Dona   |
|---|
| , con DNI, maiores de idade,veciñosde,condomicilioen  |
| Que desexan realizar a inscripción no rexistro municipal de parellas de feito de Baleira, e para iso                        |
| DECLARAN BAIXO XURAMENTO QUE  |
| 1 Existe entre eles unha unión de convivencia non matrimonial, estando empadroados no seguinte domicilio                    |
| 2 Non existe vínculo matrimonial.   |
| 3 Non existe inscripción algunha na que conste algún dos membros como membro doutra unión non matrimonial non cancelada.    |
| 4 Non existe declaración de incapacitación por resolución xudicial.   |
| 5 Non existe relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta.  |
| 6 Non existe relación de parentesco colateral por consanguinidade ou adopción ata o terceiro grao.                          |
| 7 Non figura inscrito ningún dos membos noutro rexistro municipal de parellas ou unións de feito.                           |
| Por todo o exposto, SOLICITAN A inscripción no rexistro municipal de parellas de feito do concello de Baleira. Baleira,dede |

# **ANEXO II**

# SOLICITUDE DE BAIXA NA INSCRIPCIÓN DE PARELLAS DE FEITO

| (Esta solicitude poderá ser suscrita por                              | -                                       |          | _                                       | •            |           |
|---|---|----------|---|--------------|-----------|
| Don/Dona  |   |          |   |              |           |
| DNI   |   |          | • |              | е         |
| Don/Dona  |   |          | • • • • • • • • • • • • •               | ,            | con       |
| DNI,  |   |          | -                                       |              | de<br>con |
| domicilio en  | • |          |   | •••••        | •         |
| EXPOÑEN   |   |          |   |              |           |
| Que están inscritos no rexistro de parel                              | llas de feito d                         | lo conce | llo de Bale                             | ira e,       |           |
| SOLICITA  |   |          |   |              |           |
| Que, despois dos trámites regulame parella de feito en dito rexistro. | ntarios, se                             | proceda  | á inscripc                              | ción de baix | a da      |
| Baleira,dede.   | de                                      |          | ••••                                    |              |           |

#### **LUGO**

# ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

- 1.- Entidade adxudicadora.
- a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.
  - 2.- Obxecto do contrato.
  - a) Tipo de contrato: Xestión servizo público.
- b) Descrición do obxecto: É obxecto deste contrato o concerto de vintecinco prazas, en réxime de atención diúrna, para a atención de persoas da terceira idade residentes no termo municipal de Lugo que, polas súas eivas físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares, teñan reducida a súa autonomía para as actividades da vida diaria
- 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.
  - a) Tramitación: Ordinaria.
  - b) Procedemento: Aberto.
  - 4.- Tipo de licitación:
- a) Orzamento máximo do contrato: O valor estimado (primeira anualidade máis as prórrogas) do contrato ascende a 798.504 euros.

O prezo unitario mensual por praza é 712 euros/praza mensual IVE (7%) incluído.

- 5.- Adxudicación provisional:
- a) Data: 09-12-2009.
- b) Contratista: ALALAS, S.L.
- c) Nacionalidade: Española.
- d) Orzamento máximo do contrato:
- O prezo do contrato será de 584,11 euros/praza máis o 7% do IVE (40,89 euros/praza), polo que o prezo/praza mensual ascende a 625,00 euros IVE incluído, cun prezo máximo de adxudicación de 187.500,00 euros anuais IVE incluído.

Unhas melloras por conta da empresa de:

- 2 prazas por conta da empresa.
- Servizo de perruquería (corte, secado e peiteado): 1 sesión gratuíta o mes por usuario.

- Servizo de podoloxía: 1 sesión gratuita cada dous meses por usuario.
  - Servizo dunha ducha semanal.
  - Programación de catro saídas anuais.
- Servizo médico xeriatra, cunha dedicación de unha tarde a semana (4 horas) para supervisión médica da estadía do usuario no Centro de Día e para asesorar e resolver as dúbidas médicas aos coidadores.
  - Aportación dun profesional DUE.
  - Aportación dun animador sociocultural.
- Reunión bimestral coas familias e coidadores, para a orientación psicolóxica e formación en coidados directos dos usuarios.
  - 6.- Adxudicación definitiva:
  - a) Data: 10-02-2010.
  - b) Contratista: ALALAS, S.L.c) Nacionalidade: Española.
  - d) Orzamento máximo do contrato:
- O prezo do contrato será de 584,11 euros/praza máis o 7% do IVE (40,89 euros/praza), polo que o prezo/praza mensual ascende a 625,00 euros IVE incluído, cun prezo máximo de adxudicación de 187.500,00 euros anuais IVE incluído.

Unhas melloras por conta da empresa de:

- 2 prazas por conta da empresa.
- Servizo de perruquería (corte, secado e peiteado): 1 sesión gratuíta o mes por usuario.
- Servizo de podoloxía: 1 sesión gratuita cada dous meses por usuario.
  - Servizo dunha ducha semanal.
  - Programación de catro saídas anuais.
- Servizo médico xeriatra, cunha dedicación de una tarde a semana (4 horas) para supervisión médica da estadía do usuario no Centro de Día e para asesorar e resolver as dúbidas médicas aos coidadores.
  - Aportación dun profesional DUE.
  - Aportación dun animador sociocultural.
- Reunión bimestral coas familias e coidadores, para a orientación psicolóxica e formación en coidados directos dos usuarios.

Lugo, 26 de febreiro de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTE-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía núm. 64/2007), Sonia Méndez García.

R. 01042

#### Anuncio

A Xunta Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o vinte e catro de febreiro de dous mil dez, adoptou, entre outros o acordo de modificación da relación de postos de traballo do Concello de Lugo; polo que, a través do presente anuncio, procédese a facer público o mencionado acordo, o cal, na súa parte dispositiva dí o seguinte:

"A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido concelleiro delegado, e por unanimidade, ACORDA a aprobación da modificación da relación de postos de traballo do Concello de Lugo, aprobada o día 29 de novembro de 2006, no que se refire á forma de provisión do posto código A2909 xefe/a de servizo. Técnico/a asesor/a de Recursos Humanos, que quedará do seguinte xeito:

Forma de provisión: Por concurso. (Poderán participar empregados públicos incluídos no artigo 2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, do grupo A subgrupo A1, excluído o funcionario interino, persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal ou o persoal eventual)."

Lugo, 4 de marzo de 2010.- O TENENTE DE ALCAL-DE DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE, José Rábade Arias.

R. 01124

#### **MONTERROSO**

#### Información pública

A medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento negociado con publicidade, para a adxudicación do contrato de obras consistente en construción de Centro de Servizos Sociais-Residencia da Terceira Idade, obra financiada con cargo ó Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, conforme ós seguintes datos:

- 1. Entidade adxudicadora: Concello de Monterroso.
- a) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- b) Obtención de documentación e información: Praza de Galicia, 1, teléfono 982377001; www.monterroso.es.
- 2. Obxecto do contrato.- Construción dun Centro de Servizos Sociais-Residencia da Terceira Idade.
  - 3. Tramitación e procedemento.
  - a) Tramitación: Urxente.
  - b) Procedemento: Negociado con publicidade.
  - c) Criterios de adxudicación:

- Cantidade económica destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato (ata 50 puntos). Obterá a máxima puntuación neste apartado (50 puntos) a proposición da empresa que oferte unha maior cantidade económica destinada a melloras directamente relacionadas co obxecto do contrato, a determinar polo Concello. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten ningunha cantidade económica destinada a melloras e as restantes valoraranse de xeito proporcional.
- Número de traballadores totais adscritos á obra e novos traballadores en situacion legal de desemprego que se compromete a contratar a empresa para a realización da obra (ata 50 puntos). Valoración de xeito proporcional.
  - 4. Presuposto base de licitación.
- a) Importe neto 380.985,34 euros. IVA % 60.957,65 Importe total 441.942,99 euros.
  - 5. Garantías esixidas.
  - a) Provisional: 11.429,56 euros.
- b) Definitiva: 5 % do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.
- 6. Clasificación: Grupo: C. Subgrupo: Todos. Categoría: D.
- 7. Presentación de solicitudes de participación: 10 días a partir da publicación do anuncio.
- 8. Apertura de ofertas: O primeiro día hábil seguinte (agás sábados) ó de remate do prazo de presentación de solicitudes de participación.
- 9. Gastos de publicidade. Por conta do adxudicatario.

Monterroso, 1 de marzo de 2010.- O Alcalde, Antonio E. Gato Soengas.

R. 01045

# Administración de Justicia Juzgado de Primera Instancia

LUGO N.º 2

A431B.

N.I.G.: 27028 1 0004.473/2009.

Procedimiento: EJECUCION HIPOTECARIA 0001.292/2009.

Sobre: OTRAS MATERIAS.

De BANCO SANTANDER, S.A.

Procuradora Sra. MARIA DE LOS ANGELES FER-NANDEZ-PEINADO DIAZ-MIGUEL.

Contra CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES EDELMIRO DIAZ PEREZ, S.L.

Procurador/a Sr/a.:

#### Edicto

D. FRANCISCO JULIAN HINOJAL GIJON, SECRE-TARIO DEL JUZGADO DE PRIMERA INSTANCIA Nº 2 DE LUGO.

#### HACE SABER:

Que en virtud de lo acordado en resolución del día de la fecha dictado en el procedimiento EJECUCION HIPO-TECARIA 0001.292/2009 que se sigue en este Juzgado a instancia del BANCO SANTANDER, S.A. representado por Dª. MARIA DE LOS ANGELES FERNANDEZ PEINADO DIAZ MIGUEL contra CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES EDELMIRO DIAZ PEREZ, S.L. en reclamación de 1.012.352,73 euros de principal e intereses moratorios y ordinarios vencidos más otros 300.000 euros fijados prudencialmente para intereses y costas de ejecución, por el presente se anuncia la venta en pública subasta, con antelación de veinte días cuando menos, de los siguientes bienes propiedad del ejecutado:

1.- Huerta denominada ALVARIÑO, sita en Paraday.

Inscrita al tomo 1.515, libro 1.076, folio 72, finca 14.061, inscripción 8.

2.- Casa sita en Paraday, 11.

Inscrita al tomo 1.515, libro 1.076, folio 93, finca 3.221, inscripción 9.

3.- Casa sita en Paraday, 13.

Inscrita al tomo 1.513, libro 1.074, folio 201, finca 3.222, inscripción 9.

4.- Huerta denominada Zarra, sita en Paraday.

Inscrita al tomo 1.515, libro 1.076, folio 94, finca 6.031, inscripción 10.

5.- Prado llamado de Paraday, sito en Lugo en la inmediaciones de la Estación de Ferrocarril.

Inscrita al tomo 1.544, libro 1.015, folio 117, finca 10.650, inscripción 10.

LA SUBASTA SE CELEBRARA EL DIA NUEVE DE ABRIL A LAS DIEZ QUINCE EN LA SALA DE AU-DIENCIAS DE ESTE JUZGADO. LAS CONDICIONES PARTICULARES DE LA SUBASTA SE ENCUENTRAN EXPUESTAS EN EL TABLÓN DE ANUNCIOS DEL JUZ-GADO.

Y en cumplimiento de lo acordado, libro el presente en LUGO, a dos de marzo de dos mil diez.- EL SECRE-TARIO, ilegible.

#### MINISTERIO DE FOMENTO

#### Dirección General de Carreteras

Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia

PAGO DE EXPEDIENTE DE LIMITE DE ACUERDO. CON MOTIVO DE LA OBRA: 39-LU-4110. SEGURIDAD VIAL. CONSTRUCCION Y REORDENACION DE AC-CESOS EN LA N-120, ACCESOS A POBRA DO BRO-LLON Y OTROS NUCLEOS EN LOS MUNICIPIOS DE QUIROGA Y RIBAS DE SIL PPKK VARIOS.

TERMINO MUNICIPAL DE: A POBRA DO BRO-LLON.

LUGAR DE PAGO: CASA CONSISTORIAL DEL AYUNTAMIENTO DE A POBRA DO BROLLON.

FECHA: 6 DE MARZO DE 2010.

HORA: DE 11:30 A 11:45 HORAS.

Recibido el libramiento para el pago del expediente de expropiación forzosa de referencia y hecho efectivo por el Pagador, ha sido señalada por esta Demarcación, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 49 del Reglamento de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957, la fecha para la efectividad del mismo, a los titulares de los bienes o derechos expropiados que figuran en la relación expuesta en el tablón de edictos del Ayuntamiento.

El pago se efectuará en el lugar arriba indicado por el Pagador, en presencia del representante de la Administración, del Alcalde y Secretario de dicho Ayuntamiento.

Lo que se hace público para general conocimiento, advirtiendo a los interesados que el pago se hará precisamente a los que figuren como dueños de los bienes o derechos expropiados, no admitiéndose representación sino por medio de poder debidamente autorizado, ya sea general, ya sea particular para este caso, debiendo aportar la documentación necesaria para acreditar la sucesión en caso de figurar la finca a nombre de herederos; y que deberán identificarse con el DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDAD o, en su defecto, por el conocimiento directo que testifiquen el Alcalde o Secretario del Ayuntamiento.

A Coruña, 22 de febrero de 2010.- EL INGENIERO JEFE DE LA DEMARCACION, (P.D.FIRMA) EL JEFE DEL SERVICIO DE ACTUACION ADMINISTRATIVA, ALBERTO DE BLAS MARTIN.

R. 01069

PAGO DE EXPEDIENTE DE MUTUO ACUERDO, CON MOTIVO DE LA OBRA: 39-LU-4110. SEGURIDAD VIAL. CONSTRUCCION Y REORDENACION DE AC-CESOS EN LA N-120, ACCESOS A POBRA DO BRO-LLON Y OTROS NUCLEOS EN LOS MUNICIPIOS DE R. 01113 QUIROGA Y RIBAS DE SIL PPKK VARIOS.

TERMINO MUNICIPAL DE: A POBRA DO BRO-LLON.

LUGAR DE PAGO: CASA CONSISTORIAL DEL AYUNTAMIENTO DE A POBRA DO BROLLON.

FECHA: 6 DE MARZO DE 2010.

HORA: DE 11:30 A 11:45 HORAS.

Recibido el libramiento para el pago del expediente de expropiación forzosa de referencia y hecho efectivo por el Pagador, ha sido señalada por esta Demarcación, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 49 del Reglamento de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957, la fecha para la efectividad del mismo, a los titulares de los bienes o derechos expropiados que figuran en la relación expuesta en el tablón de edictos del Ayuntamiento.

El pago se efectuará en el lugar arriba indicado por el Pagador, en presencia del representante de la Administración, del Alcalde y Secretario de dicho Ayuntamiento.

Lo que se hace público para general conocimiento, advirtiendo a los interesados que el pago se hará precisamente a los que figuren como dueños de los bienes o derechos expropiados, no admitiéndose representación sino por medio de poder debidamente autorizado, ya sea general, ya sea particular para este caso, debiendo aportar la documentación necesaria para acreditar la sucesión en caso de figurar la finca a nombre de herederos; y que deberán identificarse con el DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDAD o, en su defecto, por el conocimiento directo que testifiquen el Alcalde o Secretario del Ayuntamiento.

